

CICLO DE CONFERENCIAS DE FÍSICA



Nos pasados meses de marzo e abril, tivo lugar no noso centro un ciclo de conferencias de divulgación científica para conmemorar o Ano Mundial da Física.

A primeira conferencia foi impartida por D. Jaime Barros Leboreiro, licenciado en Química Industrial cunha cualificación de sobresaliente. Traballou como profesor de Química entre 1983 –1985 e posteriormente como profesor de Informática coa categoría de Xefe de Estudos. Foi autor tamén dunha tese doutoral de 3 anos.

Este conferenciante falou sobre a asimetría do Universo. As súas palabras impactaron ao deixar claro que, polo de agora, non seríamos quen de comunicarnos cos extraterrestres (no caso de que os houbese) a pesar de que moitos científicos como a doutora Wu estiveran traballando a prol disto, pois o que para nós é

materia, para eles podería ser antimateria e viceversa, o que para nós é o Norte, para eles sería o Sur.

A segunda conferencia estivo a cargo de D. Antonio Rivas Menéndez. Celebrouse o día 6 de abril. Antonio Rivas licenciouse en Ciencias Químicas pola Universidade de Santiago de Compostela en 1981; sen embargo cando estaba estudando 3º de Química decatouse de que era un gran afeccionado á Física, así pois ao rematar a súa carreira de Química matriculouse en 1997 na UNED, na licenciatura de Física. Agora está a piques de conseguir o seu propósito de licenciarse en Física (realmente é un modelo a seguir). Son moitos os estudantes que non teñen claro o que queren facer, e moitos deles optan por escoller a mesma carreira que os seus compañeiros, sen embargo, este señor deixounos ben cla-

ro que iso non pode ser, “un ten que escoller o que máis lle guste, sen mirar as saídas que poida ter”. Nisto estou totalmente de acordo con el, pois non podemos traballar toda a vida en algo que non nos gusta.

Nesta conferencia fomos informados dos pasos a seguir na carreira de Física e das múltiples saídas que ten, pois son demasiadas as cousas que aínda están por descubrir e que resultarían atractivas para calquera tipo de persoa, calquera avance que se poida obter será de proveito para a humanidade.

O 14 de abril acudiu ao noso centro D. Ramón Cid Manzano, que forma parte do corpo de catedráticos na especialidade de Física e Química, actualmente é profesor de ensino secundario no IES “Xulián Magariños” en Negreira.

A finalidade desta conferencia foi informarnos sobre o CERN, o maior laboratorio de Física do Mundo. Está situado en Xenebra, entre Suíza e Francia. O CERN dispón dun acelerador de partículas de 25 km de perímetro, este laboratorio foi a base de Internet, eran moitos os físicos que para desenvolver correctamente o seu traballo precisaban comunicarse a milleiros de km de distancia. O feito de gardar esta forma de comunicación en segredo non os levaría a ningures, así que decidiron facela pública.

O CERN cumpriu 50 anos en setembro do ano pasado e ao longo destes anos foise facendo cada vez maior.



CICLO DE CONFERENCIAS DE FÍSICA

Milleiros de científicos traballan nestes intres para saber que ocorre cando chocan uns protóns con outros, este experimento levarase a cabo nun circuíto situado a 100km de profundidade. Os 100.000 millóns de protóns necesarios proceden de átomos de hidróxeno, unha vez obtidos circularán a gran velocidade e en sentidos contrarios, así os choques xerados serán máis violentos. Para iso son necesarios 7 billóns de voltios e unha gran superficie circular, xa que os protóns terán que circular a gran velocidade e dispoñendo de curvas abertas facilitarán a circulación. Precísanse tamén catro detectores que a través dun ordenador nos proporcionarán información sobre o acontecido cando choquen estes protóns.

Pero hai algo que realmente nos chamou a atención a todos, a Universidade de Santiago de Compostela ten un grupo de científicos



traballando no CERN, pero non só é iso, senón que Marta Penas Garrido, unha rapaza de Negreira foi nomeada recentemente membro permanente do Comité Científico do CERN, e iso debe motivarnos a todos, ao integrarnos no mundo da Física poderíamos gozar de grandes oportunidades, así como esta rapaza o conseguiu, quizais nós...

Sinceramente non creo, sería bastante difícil, pero tranquilos, non é esa a única saída da Física senón que dispón de moitas máis como se pode comprobar consultando o tríptico conmemorativo do Ano Mundial da Física.

Mirta Sueiro Costoya. 1º BAC A.

¿INFLÚE O MÓBIL NAS NOSAS VIDAS?

Coido que si. Moitos expertos aseguran que produce cancro e outra serie de fenómenos prexudiciais para a nosa saúde.

Fóra destes casos, eu quero poñer por argumento o aspecto do vicio, xa que creo que existen outras cousas que son máis malas para a nosa saúde e ás que non se lles dá tanta importancia.

A moita xente este aparello cáusalle adicción porque todos podemos ver que existen unha serie de persoas que son incapaces de vivir se non o teñen. É certo que é moi interesante e moi útil porque permítenos manternos en comunicación cos nosos amigos, familia...sen embargo, goza de aspectos moi negativos; impide estudar porque incita ao entretemento, fai que sempre se teña que estar pendente del; para mirar a hora, enviar un SMS...

Nos últimos tempos, a tecnoloxía deste tipo de teléfono avanzou moitísimo. Hoxe nos móbiles de última xeración podemos gravar vídeo, sacar fotos, entreternos cos videoxogos, ver a cara da persoa coa que queres falar(videochamada)...e recordemos que hai anos apenas se podía pasar da pantalla en branco e negro.

Dentro de pouco non debe estrañarnos que xa non fagan falla aparellos que marcaron etapas da historia como a televisión ou o ordenador. É moi difícil manterse á última moda xa que cada mes saen ao mercado novos modelos.

RAFA. 1ºBAC-C